

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ORDE do 20 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos custos derivados da contratación de persoas coidadoras do gando en gandarías, como medida de prevención dos danos que poida ocasionar o lobo, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MT809G).

De acordo co disposto no artigo 148.1.11 da Constitución, en virtude do establecido no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía de Galicia, esta comunidade autónoma ten competencia exclusiva en materia de conservación da natureza.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ten atribuída a ordenación e o aproveitamento dos recursos cinexéticos, segundo o establecido no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia no Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A compatibilidade entre conservación da biodiversidade e a fauna silvestre coa actividade agrogandeira resulta indispensable para alcanzar un contexto de convivencia, e debe facilitarse especialmente a coexistencia con grandes depredadores, como o lobo, coa actividade económica das poboacións rurais.

No contexto do abano de actuacións en materia de prevención dos danos ocasionados polo lobo impulsado pola Administración autonómica galega, o fomento das boas prácticas e o manexo adecuado das explotacións agrogandeiras constitúe, sen dubida, unha das medidas que máis pode contribuír tanto a reducir os danos desta especie sobre as producións como a acadar o obxectivo dun desenvolvemento rural máis sustentable.

A prevención está considerada como unha ferramenta imprescindible para compatibilizar a gandaría coa presenza e a conservación do lobo en Galicia. A escala local, o lobo pode causar importantes perdas entre o gando e as especies silvestres de fauna. No compromiso que debe asumir a Administración de protexer e conservar esta especie, é necesario manter un equilibrio entre os obxectivos globais de conservación e as preocupacións lexítimas das poboacións rurais que viven nestas zonas, e debe contarse co seu apoio. Neste marco, a



Dirección Xeral de Patrimonio Natural considerou fundamental contar cunha valoración da eficacia de distintos métodos de prevención dos danos ocasionados polo lobo no gando en réxime extensivo en Galicia, coa finalidade da súa implantación, para o cal se levou a cabo un estudo cofinanciado nun 75 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) do Programa de desenvolvemento rural 2014-2010 (PDR) (https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=444684&name=DLFE-45221.pdf).

A maior parte das experiencias en protección do gando en extensivo conclúen descensos no nivel de danos cando se manteñen ou favorecen prácticas tradicionais de prevención e manexo do gando, como a custodia con cans especializados, a vixilancia do gandeiro ou pastor, o confinamento nocturno en recintos seguros ou a protección das crías nas etapas de maior vulnerabilidade, polo que a contratación de persoas coidadoras do gando que poidan axudar a desenvolver estas medidas contribuirá a reducir o nivel de danos.

Así, en rabaños de gando menor é máis frecuente o pastoreo e a protección e acompañamento con cans especializados protectores e defensores, mentres que en gando vacún é unha práctica menos estendida. En todo caso, considérase oportuno apoiar e fomentar esta medida que xunta prevención e manexo do gando.

Mediante a presente orde establécese unha liña de axudas aos custos derivados da contratación de persoas coidadoras do gando que permanece en extensivo, co fin de protexer no posible aqueles rabaños máis sensibles e susceptibles de sufriren un maior risco de predación, naqueles lugares nos que as características do medio e as condicións das explotacións poidan contribuír en maior medida a este risco.

O réxime xeral das axudas e subvencións nas administracións públicas establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario, a norma principal constitúea o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Esta orde cumpre coas exixencias da citada normativa.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía e en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

ACORDO:

Artigo 1. *Obxecto e principios*

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas para a contratación de persoas coidadoras de gando en explotacións gandeiras para



pastoreo e manexo do gando como medida preventiva dos danos que poida ocasionar o lobo e para o mantemento de postos de traballo indefinidos creados ao abeiro das liñas de axudas concedidas aos custos derivados da contratación de persoas coidadoras do gando en gandarías no ano 2023, e realizar a súa convocatoria para o exercicio orzamentario do ano 2024 (procedemento MT809G).

2. Estas axudas tramitaranse en réxime de publicidade, transparencia, concorrència competitiva, obxectividade, igualdade e non-discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. Así mesmo, resultarán de aplicación os preceptos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2. *Persoas beneficiarias e requisitos*

1. Poderanse acoller a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando bovino, ovino, cabrún e equino que figuren incluídas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) de Galicia.

2. As persoas definidas no parágrafo anterior, para obter a condición de beneficiarias das axudas previstas na presente orde, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Non incorrer nalguna das circunstancias previstas nos artigos 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria.

b) Encontrarse ao día no cumprimento das obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma.

c) As persoas beneficiarias deberán presentar a documentación necesaria para a posterior valoración nos prazos e forma establecidos.

2. Admitirase unha única solicitude por solicitante.

Artigo 3. *Actuacións subvencionables e importe*

1. Será actividade subvencionable o investimento para a contratación de persoas coidadoras de gando en explotacións gandeiras, como elemento preventivo dos danos que poida, ocasionar o lobo, que cumpra os seguintes requisitos:

a) O pastoreo exercerase sobre as reses da explotación gandeira e nos terreos destinados ao pastoreo do gando da persoa beneficiaria.



b) Poderán acollerse a estas axudas:

1º. Liña para os contratos en vigor a partir do 1 de xaneiro do 2024 ata o 30 de novembro de 2024.

2º. Liña para o mantemento, desde o 1 de xullo de 2024 ata o 30 de novembro de 2024, do posto de traballo indefinido creado ao abeiro das liñas de axudas concedidas aos custos derivados da contratación de persoas coidadoras do gando en gandarías, como medida de prevención dos danos que poida ocasionar o lobo no ano 2023.

c) Será obxecto de axuda a actividade de pastoreo que se realice a xornada completa (40 horas semanais), con redución proporcional no caso de xornadas inferiores.

Ao comezar ou ao finalizar o contrato, de non alcanzar un mes completo, ratearase a subvención segundo os días de actividade de pastoreo e manexo do gando efectiva.

d) Deberanse indicar en todos os casos os terreos onde se van desenvolver as actividades de pastoreo para as cales se solicita a subvención.

2. A axuda poderá acadar o 100 % dos gastos subvencionables e fíxase un importe máximo de 18.000 euros de axuda por persoa beneficiaria.

3. Sen superar a porcentaxe anterior, a axuda máxima será de 1.500 euros por persoa e mes de pastoreo a xornada completa. Nos casos dunha duración inferior ao mes ou dunha dedicación inferior á xornada completa, o importe reducirase de forma proporcional á duración do contrato e á dedicación, cun límite de 9 €/hora efectivamente traballada.

4. Subvencionarase o investimento na contratación de persoa coidadora do gando. O número de contratacións por solicitante será dunha persoa coidadora de gando.

5. Se por causa xustificada o importe final dos gastos for menor do que se considerou subvencionable, o pagamento será minorado na porcentaxe que corresponda.

6. Non será causa de incremento da axuda que o importe final dos gastos sexa superior ao tomado en consideración para a súa concesión.

7. En todo caso, a contía das axudas estará condicionada á dispoñibilidade orzamentaria.



Artigo 4. Criterios de valoración

1. Para a conceder as axudas para cada liña recollerase a puntuación total de acordo cos seguintes criterios de valoración das solicitudes que cumbran os requisitos nas bases reguladoras, por orde de preferencia:

a) Titulares de explotacións gandeiras de ovino-cabrún de produción-reprodución de aptitude cárnica: 40 puntos.

b) Titulares de explotacións de equinos de produción-reprodución en extensivo: 30 puntos.

c) Titulares de explotacións gandeiras de bovino de produción-reprodución de aptitude cárnica: 20 puntos.

d) Superficie admisible declarada na solicitude única da política agraria comunitaria (PAC) do ano 2023 >30 ha: 20 puntos.

e) Superficie admisible declarada na solicitude única da política agraria comunitaria (PAC) do ano 2023 <30 ha: 5 puntos.

f) Disposición na explotación de cans protectores e defensores do gando: 20 puntos.

g) Existencia de danos ocasionados polo lobo na explotación gandeira, entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2023, que fosen avaliados favorablemente pola Comisión de Valoración establecida na orde anual pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos por esta especie: 20 puntos, e incrementárase en 0,5 puntos por cada un dos danos sufridos neste período, ata un máximo de 5 puntos.

h) Número de cabezas de gando:

Gando maior (bovino e equino):

- Máis de 50 cabezas: 10 puntos.
- Máis de 100 cabezas: 20 puntos.

Gando menor (ovino e cabrún):

- Máis de 100 cabezas: 10 puntos.
- Máis de 200 cabezas: 20 puntos.



No caso de explotacións mixtas de gando maior e menor, a puntuación resultante será a suma dos puntos obtidos polo número de cabezas de gando maior e menor.

i) Titulares de explotacións gandeiras que teñan contratada unha liña de aseguramento gandeiro que inclúa como riscos asegurables os ataques ao gando por animais silvestres: 5 puntos.

Artigo 5. *Baremación e criterios de desempate*

A concesión das axudas realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas, de acordo cos criterios de valoración establecidos no artigo 4, e adxudicaranse, cos límites fixados na convocatoria dentro do crédito dispoñible, a aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos criterios citados, ata esgotar o dito crédito.

En caso de empate na puntuación obtida, este resolverase tendo en conta a valoración no criterio g) de persistir o empate, dirimirase este segundo a orde de rexistro de entrada das solicitudes.

Artigo 6. *Solicitudes*

1. O prazo de presentación das solicitudes de axuda será dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

2. As solicitudes presentaranse preferiblemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I), dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

A presentación electrónica será obrigatoria para: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas traballadoras autónomas e as persoas representantes dunha das anteriores.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida



para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

3. A solicitude de axuda segundo o anexo I desta orde (procedemento MT809G) inclúe as seguintes declaracións da persoa solicitante:

a) Declaración do total das solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas.

b) Declaración de conta para a transferencia bancaria.

c) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Declaración do cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Declaración do cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 7. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Se a persoa titular é unha persoa xurídica, acordo do órgano competente desta co acordo dos/das partícipes para solicitar a subvención. Cando se trate dunha comunidade



de bens, acreditarase que o acordo foi tomado pola maioría dos seus membros e o réxime de participación de cada un deles na dita comunidade. Cando se trate dunha comunidade de montes veciñais en man común, o acordo deberá estar tomado en asemblea e acreditado mediante acta ou certificación da secretaría.

b) No caso do representante, e de acordo co artigo 5.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, deberá acreditar esa representación mediante algún dos seguintes medios de acreditación:

– Por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna (poder notarial, representación legal, copia de escrituras ou poder onde se acredite a representación legal...).

– Mediante apoderamento *apud acta* efectuado por comparecencia persoal ou comparecencia electrónica na correspondente sede electrónica, ou a través da acreditación da súa inscrición no rexistro electrónico de apoderamentos da Administración pública competente.

c) Copia do contrato. En cada contrato deberá constar o obxecto do contrato, o período de duración, o tempo de dedicación e o ámbito xeográfico da vixilancia.

d) Resumo das actividades de pastoreo de terreos correspondentes á explotación gandeira a través do formulario normalizado (anexo II), dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitárselle novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha destas persoas presenta a documentación comple-



mentaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 8. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante (se for o caso).
- c) NIF da entidade solicitante para as persoas xurídicas.
- d) NIF da entidade representante.
- e) Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.



f) Estar ao día no cumprimento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

g) Estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda e Administración Pública.

h) Inscripción no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras de Galicia (Rega).

i) Censo gandeiro da explotación referido a unha data posterior á da entrada en vigor desta orde de axudas, obtido da base de datos da aplicación informática da Consellería do Medio Rural.

j) Superficie admisible declarada na solicitude única da política agraria comunitaria (PAC) do ano 2023.

k) Inscripción no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (Regiac), de acordo co establecido no punto 3 da disposición transitoria primeira da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, no caso de utilización de cans protectores e defensores do gando das razas mastín español, mastín do Pireneo e can de palleiro.

l) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

m) Concesións de subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Artigo 9. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelle ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presenta-



ción electrónica tamén poderán realizarse os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 10. *Información básica sobre protección de datos persoais*

De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas, cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude, dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Artigo 11. *Tramitación*

1. As solicitudes remitiránse á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. A avaliación da documentación presentada xunto coa solicitude realizaraa o Servizo de Caza e Pesca Fluvial, que examinará e revisará a documentación acompañante que se especifica no artigo 7 desta orde.

2. No caso de que se detecten erros ou omisións, requirirase a persoa interesada para que, no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o seguinte ao da recepción do requirimento, emende ou complete a solicitude, coa indicación de que, se non o fai así, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, de conformidade co establecido nos artigos 42, 43, 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os citados requirimentos de emenda poderanse facer ben a través de notificación individualizada, ben mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* ou na páxina web da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a cal producirá os mesmos efectos que a devandita notificación.

4. Sen prexuízo do disposto no número 2, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderáselle requirir á persoa solicitante que achegue a información



e documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

5. A Dirección Xeral de Patrimonio Natural poderá comprobar a actividade de pastoreo exercida pola persoa coidadora contratada nos terreos correspondentes á explotación gandeira para a cal se solicita a subvención, mediante unha inspección de campo.

6. O Servizo de Caza e Pesca Fluvial emitirá informes á Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas para que esta continúe coa súa tramitación.

7. Unha vez recibidos os informes do Servizo de Caza e Pesca Fluvial, a Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas realizará as propostas de resolución das solicitudes realizadas á Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a quen corresponderá ditar a resolución do procedemento de acordo co disposto na disposición derradeira primeira desta orde.

8. A proposta de resolución, conforme o criterios contidos no artigo 4 e as dispoñibilidades orzamentarias, fará mención das persoas solicitantes para os cales se propón a concesión da subvención e da contía desta de modo individualizado, e especificarase a súa avaliación segundo os criterios seguidos para efectualas. As solicitudes para as cales se propoña a súa denegación relacionaranse con indicación da súa causa.

Artigo 12. *Resolución e recursos*

1. De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a competencia para a concesión das axudas reguladas nesta orde correspóndelle á persoa titular da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada, con suxeición ao establecido nas bases reguladoras desta orde.

2. O prazo máximo para resolver será de tres meses desde que se esgote o prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o prazo sen que se dite resolución expresa, as persoas solicitantes poderán entender desestimada a súa solicitude, nos termos previstos no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A resolución ditada, segundo o disposto no número 1 deste artigo, porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa

CVE-DOG: 9daudqv2-vv0-au46-m5j6-l8umxn3ikqm2



titular da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no prazo dun mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnala directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, se a resolución fose expresa, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 13. *Rexistro Público de Subvencións*

1. A concesión das axudas aos custos derivados da contratación de persoas coidadoras do gando como medida de prevención dos danos que poida ocasionar o lobo reguladas nesta orde será obxecto de inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións, dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencionada en Galicia.

2. A solicitude para ser persoa beneficiaria de axudas aos custos derivados da contratación de persoas coidadoras de gando en gandarías levará implícita a autorización, no suposto de que se lle conceda a axuda solicitada, para a inscrición, no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións, dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na solicitude. Non obstante, as persoas solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións cando concorran algunha das circunstancias previstas na alínea d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Artigo 14. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1



da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 15. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se realicen ou se deixen de realizar por medios electrónicos.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario. No caso de optar pola notificación en papel, esta efectuarase segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas realizaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso, no formulario, pola notificación por estes medios, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, realizarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CVE-DOG: 9daudqv2-vv0-au46-m5j6-l8umxn3ikqm2



Artigo 16. *Aceptación da axuda concedida*

O outorgamento da subvención debe ser aceptado pola persoa beneficiaria no prazo máximo de dez (10) días desde a súa notificación, coas condicións específicas recollidas nesta orde. No caso de que a persoa beneficiaria non comunique a súa aceptación dentro do prazo indicado, considerarase que se entende tacitamente aceptada a axuda concedida.

Artigo 17. *Modificación das actividades subvencionadas*

Calquera modificación que se pretenda realizar na actividade aprobada, incluído a referente ao orzamento aprobado, requirirá a aceptación expresa e previa da persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, por delegación da persoa titular da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Para tal efecto, realízase unha proposta de modificación xustificada, que se deberá presentar con quince (15) días hábiles de anticipación á súa realización.

Artigo 18. *Substitución das persoas traballadoras***1. Suposto de extinción da relación laboral.**

No suposto de extinción da relación laboral da persoa traballadora pola cal se concedeu a subvención, os/as beneficiarios/as poderán realizar ata un máximo dunha nova contratación dentro da anualidade 2024 no caso de que se trate dunha baixa voluntaria/dimisión do/da traballador/a, baixa por despedimento disciplinario individual, baixa por falecemento do/da traballador/a, baixa por pase á situación de pensionista, baixa por excedencia voluntaria, baixa por esgotamento de IT ou baixa por pase á situación de incapacidade permanente, baixa por excedencia maternal/coidado de fillos, baixa por coidado de familiares, baixa por despedimento colectivo, suspensión por violencia de xénero, baixa por non superar o período de proba, baixa por despedimento por causas obxectivas da empresa, baixa por despedimento por causas obxectivas do/da traballador/a.

As persoas beneficiarias incursas nos supostos excepcionais de extinción da relación laboral que realicen unha nova contratación deberán achegar na xustificación da subvención a documentación relativa á baixa anterior e alta do/da novo/a traballador/a, e achegarán a seguinte documentación:

- Documento de baixa na Seguridade Social do/da traballador/a e alta do/da novo/a traballador/a.
- Contrato de traballo formalizado e debidamente comunicado á oficina de emprego correspondente.



A nova contratación debe ser indefinida e debe cubrir o posto ata completar os meses de duración da contratación exixidos nestas bases.

2. Supostos de incapacidade temporal da persoa traballadora ou en situación de permiso de maternidade/paternidade. No caso de que o/a traballador/a incorra en incapacidade temporal por enfermidade, accidente ou en situación de permiso de maternidade/paternidade, o/a beneficiario/a poderá contratará outro/a traballador/a para substituír temporalmente o/a traballador/a incurso/a neses supostos e sempre que a substitución se realice na anualidade 2024.

Os gastos de ambos/as traballadores/as (os do/da traballador/a substituto/a e os gastos do/da traballador/a incurso/a en incapacidade temporal ou supostos de maternidade/paternidade) poderán ser imputados na xustificación de gastos que presente a persoa beneficiaria.

Para poder acreditar a situación de incapacidade temporal ou situación de permiso de maternidade/paternidade, o/a beneficiario/a deberá achegar a seguinte documentación:

- Parte médico de inicio e de finalización da situación de incapacidade temporal ou baixa por maternidade da traballadora ou documento análogo.
- Solicitud de prestación de paternidade á Seguridade Social ou documento análogo.
